

HJALMAR SÖDERBERG

O xogo serio

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

A Lydia gustáballe nadar soa.

Era moito mellor así, e ademais ese verán non tiña a ninguén con quen facelo. Non había de que ter medo, porque o seu pai sentaba nun penedo preto da praia, a traballar na pintura de sempre, *Escena á beira do mar*, mentres vixiaba que non se achegasen estraños.

Foi meténdose na auga. Detívose cando lle chegaba á altura do van, e logo ficou inmóbil a agardar que aquesen as ondas, cos brazos en alto e as mans por tras da caluga, para ollar o reflexo dos seus dezaioito anos na specular tona da auga.

Inclinouse e botou a nadar sobre a profundidade esmeralda e translúcida. Gozaba da sensación de flotar; sentíase tan liviá! Nadaba en silencio, tranquilamente. Ese día non había cardumes. Ás veces os peixes achegábanse a xogar con ela. O día anterior faltáralle tan pouco para coller un coa man que mesmo se picara coa súa aleta.

De volta á area, enxugou as pingas coa toalla e logo deixouse quentar polo sol mentres sentía a lixeira brisa do verán. Deitouse sobre unha rocha puída polas ondas para que o sol lle torrased as costas. Bronzeou o corpo enteiro, tamén a faciana.

Deixou fluír os pensamentos. Pronto sería a hora do xantar. Servirían lacón asado e espinacas, moi saboroso, xaora. Así a todo –non o podía remediar–, o xantar era

con moito o momento máis atafegante do día. O seu pai non falaba moito, e o seu irmán Otto permanecía deco- te calado e de mal xorne. El tamén tiña as súas coitas. As prazas na Escola de Enxeñaría de Estocolmo esca- seaban, e o vindeiro outono marcharía para os Estados Unidos de América. A única persoa coa que conversaba na mesa era Filip, pero este non dicía nada que paga- ra a pena escoitar; sempre falaba de prexudicados, das argucias dos xuristas e do progreso a nivel laboral, e de parvadas polo estilo que a ninguén lle interesaban. Era coma se falase por non estar calado, mentres ía escrutan- do a prata cos seus ollos miopes, procurando as talladas máis gorentosas.

Secasí, quería moito o seu pai e os seus irmáns. Era es- traño chegar a aburrirse tanto compartindo mesa e man- tel coa súa familia e asemade adoralos a todos.

Virouse e ficou barriga arriba, coas mans debaixo da caluga, ollando o ceo azul.

Pensou: «Ceo azul, nubes brancas. Azul e branco... azul e branco... Teño un vestido azul con encaixe branco. É o meu vestido máis bonito, pero esa non é a razón de que me apraza tanto. É por outro motivo. Porque foi o vestido que levaba posto aquel día».

«Aquel día».

«Quéreme? Abofé que si. Claro que me quere».

«Pero, quéreme de verdade... de verdade?».

Traía ao acordo unha tarde de había non moito tem- po, un serán no que estaban sós na pérgola das lilas. De súpeto, el tratou de aloumiñala dun xeito tan destemido que lle puxo medo. Pero el comprendeu axiña que se ex- cedera, porque collera a súa man, a man coa que ela se defendera, para bicarlla, como dicindo: «Perdóame».

«Si», pensou, «seguro que me quere de verdade».

